



A cuadrilla "San Roque de Coristanco" gaña o Campionato Provincial de A Coruña de Caza de Raposo

O pasado 10 de xaneiro dábanse cita nos Tecores das Sociedades de Cazadores Venatoria de Bergantiños, San Xoán de Razo, San Cristóbal de Lema, San Salvador de Sofán, San Roque de Zas e San Mamed de Dumbría, as cuadrillas participantes do Campionato Provincial de A Coruña de Caza de Raposo, organizado pola Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coas citadas sociedades de caza.

Foron 58 as cuadrillas que tomaban parte na proba, sendo a cuadrilla "San Roque de Coristanco" a que remataba na primeira posición ao capturar 3 raposos. "Os Larpeiros" era segunda con 2 raposos cazados, os mesmos que a cuadrilla "Pancho Villa" que quedaba no terceiro posto.



Pos.	Cuadrilla	Capturas
1º	San Roque de Coristanco	3 raposos
2º	Os Larpeiros	2 raposos
3º	Pancho Villa	2 raposos
4º	San Fernando Vicente	2 raposos
5º	Xeitosos de Trazo	2 raposos

As seguintes cuadrillas acudirán ao Campionato Galego da modalidade: "San Roque de Coristanco", "Os Larpeiros", "Pancho Villa" e "San Fernando Vicente".